

# PROTOCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA



Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN VÍDEOS

Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# PROTOSCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# PROTOCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Páxina 5	1. INTRODUCCIÓN
Páxina 6	2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE
Páxina 11	3. DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE 3.1. ELABORACIÓN DO DOCUMENTO 3.2. EXEMPLO DE DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE OUTRAS RECOMENDACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN DA COVID-19
Páxina 20	4. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA



# 1. INTRODUCCIÓN

Entendemos por alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) a aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

A lexislación relativa ao alumnado con necesidades educativas especiais está recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación na sección primeira do Título II, nos artigos do 73 ao 75. Esta norma concrétase en Galicia no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2003, do 3 de maio, de educación, na que se establecen a educación en unidades e centros de educación especial e a escolaridade combinada con centros ordinarios como una opción excepcional.

Con carácter xeral, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, mantéñense as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus:

- Uso de máscara de protección (de forma obrigatoria en maiores de 6 anos sempre que a toleren).
- Incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día.
- Manter a distancia física establecida de forma xenérica de 1,5 m.
- Potenciación da ventilación dos espazos pechados.



## 2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE

Especificamente neste colectivo, destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da COVID-19:

### Referente a Máscara:

- O/a alumno/a con necesidades especiais utilizará máscara **cirúrxica ou hixiénica**, que cumpra coa normativa UNE 0064 (para as dun só uso) ou UNE 0065 (para as reutilizables), sempre que teña unha idade superior a 6 anos e recomendada para alumnado entre os 3 e 6 anos.
- Aquelas alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, **non dispoñan de autonomía para quitar a máscara**, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización, haberá que buscar outras fórmulas que garantan a protección de todo o alumnado. Polo tanto, neste colectivo, será necesario verificar a tolerancia do neno ou da nena á máscara. Se non fose posible a súa utilización, prescindirase do uso da máscara por parte do/a neno/a e manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.
- Naqueles casos nos que o/a alumno/a poida facer uso de máscara e nos que non sexa posible que os profesionais que interveñen con el garden a distancia de seguridade para as diferentes actuacións precisas (aseo, outros apoios á autonomía persoal, atención de audición e linguaxe, etc.), hai que extremar as precaucións de hixiene de mans, e utilización de máscara cirúrxica ou téxtil co marcado UNE 0065, xunto coa **recomendación da utilización da pantalla**.

- Nos restantes casos (alumnado que non poden usar máscara) manterase de forma estrita unha distancia de 1,5 m. de forma xenérica nas iteracións co resto do persoal e alumnado. Se non se puidese manter esta distancia e tivese que ser reducida, complementaríase coa **utilización de mamparas de separación entre os escritorios**. O persoal que preste atención a este alumnado **valorará o emprego de pantallas ou viseiras** (no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras) en **situacións que é imposible manter a distancia de seguridade** (aseo, outros apoios á autonomía persoal, etc.) Ademais extremarán as precaucións de hixiene de mans, utilización de máscara cirúrxica ou téxtil co co marcado UNE 0064 ou UNE 0065 dependendo do tipo e procurarán a máxima ventilación posible durante estas situacións.
- Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación do espazos duns 10-15 minutos tras cada sesión.





### Referente a distancia de seguridade:

- Aqueles alumnos e alumnas que non podan usar máscara manterán de forma estrita a distancia de seguridade de 1,5 m. De non poderse garantir esta distancia, débese instalar mamparas de separación entre os escritorios.
- No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos educativos (colchóns, elementos de estimulación sensorial, etc.) procederase a ventilación posterior da sala e limpeza, con produtos virucidas aprobados polo Ministerio de Sanidade, das superficies utilizadas.

### Referente a Medidas de organización:

- Para facilitar a xestión sanitaria do SARS-CoV-2 e a mellor atención posible ao alumnado que precise apoios específicos, **con criterios de seguridade**, poderá procederse a creación, sempre voluntariamente por parte dos centros, e en coordinación coas familias, de **Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios**. Facilitarase que este alumnado comparta espazos de uso común e outras materias específicas para facilitar a súa inclusión.
- Con carácter xeral e **por motivos de inclusión**, o ACNEE formará o **grupo de convivencia estable coa aula á que pertence**. Nos caso de alumnado en escolaridade combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan tanto nun mesmo centro como en centros diferentes. Dadas as características deste alumnado, haberá que ser o máis estrito posible cos grupos de convivencia onde se atopen. Recoméndase que os días de permanencia en cada centro sexan continuados para facilitar a trazabilidade epidemiolóxica por parte do Centro de Seguimento de Contaxios (CSC).
- Tanto nos Centros Específicos de Educación Especial ou nas Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios, será posible que se constitúan grupos colaborativos dentro dos grupos de convivencia estable cando o número de alumnos/as por aula sexa superior a 5. Non obstante, **naquelas aulas de centros de educación especial ou unidades de educación especial en centros ordinarios cun número de alumnos/as entre 5 e 10 poderá establecerse un único grupo colaborativo** que funcionará como grupo de convivencia estable.



- Por parte de cada centro se debe garantir a **accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado** mediante a utilización dos sistemas aumentativos e alternativos de comunicación, e das modalidades comunicativas que utilice o alumnado. Para tal fin poderá dispoñerse cartellaría con pictogramas Así como a adaptación de información e recomendacións a modalidades accesibles como, por exemplo, lectura fácil.
- O alumnado con necesidades especiais **terá prioridade nas entradas e saídas do centro educativo**. Para aquelas alumnas e alumnos que non **teñan autonomía, organizarase o seu acompañamento** nas entradas e saídas da escola, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, **dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía**.
- O uso do elevador (caso de existir) quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara, sen prexuízo do indicado das excepcións no uso da máscara.

#### Referente a hixiene:

- No centro asignarase un aseo ao alumnado con necesidades educativas especiais que no teñan autonomía e precisen acompañamento. Neste aseo se debe intensificar a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.
- Extremaranse as medidas de hixiene nos comedores escolares, especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación.
- Prestarase **especial atención á hixiene dos agarres das cadeiras de rodas**, que poden ser manipulados por diferentes persoas no centro. Recoméndase a súa limpeza cada vez que se termine un desprazamento e poida cambiarse de acompañante.

**Referente a instalacións en centros especiais:**

- O uso de vasos terapéuticos (piscinas de uso terapéutico) e as sesións de fisioterapia nos centros de educación especial seguirán as recomendacións sectoriais previstas.
- Estableceranse pautas específicas diferenciadas e coherentes coas implantadas en centros asistenciais para o alumnado que faga uso das residencias escolares de centros de educación especial en réxime de internado.

**Referente a síntomas compatibles coa COVID-19**

Ante unha persoa que desenvolva síntomas compatibles coa COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de COVID destinada para tal efecto, ata a recollida por parte da familia. A sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar co equipo Covid do centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  1. Obriga de utilización de máscara cirúrxica.
  2. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
  3. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa COVID-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo, preferentemente nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro deberá dispoñer dun stock deste material de protección para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

### 3. DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE

Aconsellase que ao inicio do curso o alumnado con necesidades educativas especiais dispoña dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade.

A finalidade deste documento é recoller os datos específicos da/o alumna/o que non estean recollidos nos protocolos con carácter xeral. En todo caso neste documento faranse constar os seguintes aspectos cando procedan:

- Exención do uso da máscara, de ser o caso. Poderán graduarse diferentes medidas, desde desaconsellar drasticamente o seu uso, ata a exención da obrigatoriedade pero con recomendación de adestramento progresivo para a súa tolerancia. Tamén se pode incluír se en determinados momento a pode usar (por exemplo ao acudir ao aseo).
- Sintomatoloxía diferencial, con respecto aos síntomas de alerta específicos que pode presentar o/a alumno/a no caso de COVID-19. Estratexias de adaptación da enquisa de autoavaliación á casuística concreta do/a alumno/a.
- Situacións de risco especial nas que é preciso extremar as medidas de atención e seguridade, se fose o caso, e que medidas hai que adoptar.
- Atención a necesidades específicas propias da condición que presenta, tales como a necesidade de poder moverse con certa periodicidade no caso de alumnado que ademais presente TDAH, ou de poder realizarse as glicemias tras inxerir algún alimento na clase, no caso do alumnado con diabetes.

Este documento formará parte do **Plan de Atención Individualizado previsto no Protocolo de Atención Educativa a Urgencias Sanitarias e Enfermidade Crónica.**

O documento de adaptación específico de medidas de seguridade non debe entenderse circunscrito ao ámbito estrito das NEE senón que a súa aplicación subsidiaria é procedente en **todos aqueles casos de atención á diversidade** (no sentido declarado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) **nos que sexa precisa unha adaptación das medidas de seguridade previstas con carácter xeral** no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 e no Plan de Continxencia do centro. Este documento de adaptación poderá elaborarse tamén nos seguintes casos:

- Necesidades educativas especiais.
- Necesidades específicas de apoio educativo.
- Outras situacións de atención á diversidade derivadas de situacións persoais, sociais ou circunstanciais, calquera que sexa a súa orixe ou duración, derive ou non dunha enfermidade ou condición crónica, sempre que non sexa unha situación puntual e limitada.

Este documento debe entenderse sempre como revisable para adaptalo ás situacións cambiantes así como a calquera modificación na normativa ou nos protocolos xerais así como á situación epidemiolóxica local. Poderá ser, polo tanto, revisado a instancia de calquera das partes asinantes.

Para lle dar resposta a estas necesidades deberá terse en conta que:

- a) Se o/a alumno/a conta xa cun **Plan de atención individualizado** por presentar unha enfermidade ou condición crónica, este debe ser ampliado cos documentos que se precisen dentro dos propostos como modelo.
- b) Se o/a alumno/a non conta con este **Plan de atención individualizado** elaborarse un que inclúa tantos documentos como sexan precisos, dos propostos neste modelo.

### 3.1. ELABORACIÓN DO DOCUMENTO

Este documento será **elaborado polo Departamento de Orientación** do centro educativo **en colaboración co pediatra de referencia do/a alumno/a**.

Para a elaboración deste documento o **Departamento de Orientación** completará un borrador previo, no que consten as diferentes cuestións educativas que o centro considera importante ter en conta en relación á prevención e abordaxe da COVID-19 no caso particular deste/a alumno/a de xeito claro, directo e operativo.

A función deste documento non é substituír os diferentes informes tanto educativos como sanitarios que xa obran en poder do centro, senón precisar aspectos operativos específicos na xestión das medidas de seguridade e adaptación do centro á COVID-19 para o caso concreto do/a alumno/a.

Este borrador será trasladado ao/á profesional (pediatra, médico/a de atención primaria, especialista...) sanitario/a que corresponda, que o completará coas particularidades sanitarias que procedan, inicialmente a través da familia.

Finalmente o Departamento de Orientación consolidará, se fose preciso, a información baseada no principio de mínimos datos, que estará a disposición do profesorado que imparte docencia ao/á alumno/a e do Equipo Covid do centro.

Os informes médicos e outra documentación de alto nivel de protección á que se puidera ter acceso durante este proceso, será custodiada segundo o establecido no Protocolo de Protección de Datos.




Diagrama de fluxo da elaboración e comunicación do documento de adaptación específico de medidas de seguridade (Fonte: documento de adaptación específico de medidas de seguridade, addenda Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades Educativas especiais para o ámbito educativo)

- 1.- Reunión de responsables para a selección alumnado + cubrir Documento.
- 2.- Xefatura do DO - Contacto con familias:
  - Constancia de entrega de documento ás familias.
  - Sinatura protección de datos.
- 3.- Familia - contacto facultativo/a sanitario/a do/a alumno/a. Cubrir documento coas recomendacións pertinentes.
- 4.- Entrega por parte da familia do Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade ao Departamento de Orientación. Comunicación ao Equipo Covid.
- 5.- Comunicación do Documento de Adaptación Específico de Medidas de Seguridade ao equipo docente/ non docente por parte do Equipo Covid.





### 3.2. EXEMPLO DE DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE OUTRAS RECOMENDACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN DA COVID-19

A continuación se amosa o exemplo de documento, extraído do documento de adaptación específico de medidas de seguridade, addenda Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades rducativas especiais para o ámbito educativo. Este documento aparece na bibliografía para a súa consulta:

#### E OUTRAS RECOMENDACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN NA COVID-19 (1)

IMPORTANTE: O PRESENTE DOCUMENTO REVISARASE COA FRECUENCIA QUE MARQUEN AS NECESIDADES DO ALUMNADO E A REALIDADE SOCIO-SANITARIA MARCADA POLA COVID-19

#### DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	Data de nacemento
Curso actual	Escolarización combinada co centro		Idade
Nivel de risco (Anexo II) (NR1/NR2/NR3)			

**DATOS DO/A FACULTATIVO/A SANITARIO/A**

Nome	
Centro de saúde	Teléfono
Horario de Contacto	
Correo electrónico	

**DATOS DO/A ORIENTADOR/A**

Nome	
Centro educativo	Teléfono
Horario de Contacto	
Correo electrónico	

**RESUMO DOS PRINCIPAIS ASPECTOS EDUCATIVOS A TER EN CONTA PARA DEFINIR AS MEDIDAS DE SEGURIDADE:**

(A cubrir polo/a orientador/a)

--

**SINTOMATOLOXÍA DIFERENCIAL**

(A cubrir polo servizos sanitarios)

<b>SINTOMATOLOXÍA DIFERENCIAL QUE PODE PRESENTAR O/A ALUMNO/A NO CASO DE COVID-19</b>
<b>OUTRAS SITUACIÓNS ESPECIAIS DE RISCO QUE PODEN SER SEMELLANTES Á SINTOMATOLOXÍA COVID</b>
- Por exemplo, se a fatiga e a somnolencia pode deberse á medicación que está a tomar etc.
<b>ELEMENTOS A ADAPTAR DA ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN Á CASUÍSTICA CONCRETA DO/A ALUMNO/A</b>

(1) O presente DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE enmarcado no "Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo (versión 16/09/2020)" será de aplicación para o alumnado con calquera tipo de necesidade de atención á diversidade, xa proveña de NEAE ou calquera tipo de situación sobrevida.

## PROPOSTA DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE DO/A ALUMNO/A NO CENTRO EDUCATIVO:

-(A cubrir polo centro educativo e servizos sanitarios) Síñale só os apartados que precise o/a alumno/a:

### A) HIXIÉNICAS E DE PROTECCIÓN

Condições/Recomendacións Aspectos a ter en conta	Centro Educativo	Servizos sanitarios
Uso da máscara		
Pantalla de seguridade na intervención		
Aplicación de xoles desinfectantes		
Distancia física		
Ventilación		

### B) OUTRAS MEDIDAS SEGUNDO A SITUACIÓN DE RISCO DO ALUMNO/A

Aspectos a ter en conta	Centro Educativo	Servizos sanitarios
Interacción social		
Interacción na aula		
Desprazamentos		
Accións ante as barreiras de accesibilidade e comunicación		
Alimentación en horas de clase/realización de Glicemias		
Outras consideracións		

**C) MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE**

EMPREGO DE EQUIPO DE PROTECCIÓN	
Tipo de máscara	
Bata de protección	
Pantalla de protección	
Guantes	
Outras medidas	

En ..... a ..... de ..... de 202.....

**SINATURAS DE CONFORMIDADE:**

O/A FACULTATIVO/A SANITARIO/A	O/A ORIENTADOR/A	PROXENITORES/TITORES LEGAIS



## 4. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Documento [Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021](#), versión 04-11-2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAS PARA O ÁMBITO EDUCATIVO](#), versión 16 de setembro de 2020, Consellería de Cultura Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN ESPECÍFICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE](#), de 30 de outubro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [Medidas de Prevención, Higiene y promoción de la Salud frente a COVID-19 para centros educativos en el curso 2020-2021](#) Ministerio Sanidad, 08 de febreiro de 2021.
- Documento Técnico [Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos](#) , Ministerio de Sanidad, versión do 26 de febreiro de 2021.
- Documento [MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL](#), de 18 de decembro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [PROTOCOLO DE ATENCIÓN EN URXENCIAS SANITARIASE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA](#), depósito legal C 1354-2018, autores varios, Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2018.
- Documento [AUTOAVALIACIÓN COVID-19](#), Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.





XUNTA  
DE GALICIA